



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 2431 /2011.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. Vistas as bases reguladoras da Deputación Provincial da Coruña sobre a elaboración do Plan de Obras e Servizos para o 2011 e vista a memoria xustificativa da necesidade das obras elaborada segundo os datos que do Concello de Noia constan na Enquisa de infraestruturas e equipamento local, asinada o 17 de novembro de 2010 polo Alcalde, o Pleno da Corporación Municipal, na sesión realizada o 26 de novembro de 2010, aprobou incluír neste plan a obra denominada “Conexión do saneamento de Boa e Taramancos á rede xeral de saneamento municipal (Noia)”

Segundo. No mesmo acordo plenario apróbase o correspondente proxecto técnico desta obra, elaborado polo arquitecto técnico municipal don José Ventura Fernández Sarasquete, cun orzamento de execución por contrata de douscentos oitenta mil centos dous euros con quince céntimos (280.102,15 €).

Terceiro. O 30 de marzo de 2011, número rexistro de entrada 3491, ten entrada no Rexistro Municipal a Circular da Deputación Provincial da Coruña na que se comunica a aprobación do POS 2011, e dentro deste a obra “Conexión do saneamento de Boa e Taramancos á rede xeral de saneamento municipal (Noia)”, e que o prazo máximo para presentar no ente provincial a documentación xustificativa da adxudicación do contrato de obras será o 1 de novembro.

Cuarto. Visto que o desgloxe do importe da obra e o seguinte,

- Prezo base de licitación sen IVE: Douscentos trinta e sete mil trescentos setenta e catro euros con setenta céntimos (237.374,70 €).
- IVE do 18%: Corenta e dous mil setecentos vinte e sete euros con corenta e cinco céntimos (42.727,45 €).
- Total (a+b): Douscentos oitenta mil cento dous euros con quince céntimos (280.102,15 €).

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- A natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir con esta obra, de acordo ao establecido no artigo 22 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), descríbense na Memoria explicativa do proxecto de investimento e na Memoria do propio proxecto técnico aprobado.

Segundo.- Por outra parte e dado que o valor estimado da obra que se pretende licitar é de 237.374,70 €, sen IVE e polo tanto supera o límite de 200.000,00 euros para os procedementos negociados sen publicidade, e polo que o expediente tramitarase por procedemento aberto, cun único criterio de valoración: factor prezo, o ser o procedemento ordinario de adxudicación, consonte o establecido no artigo 122 da LCSP e o estar perfectamente definido a prestación obxecto do contrato e no darse nengún dos supostos do artigo 134.3 da mesma; e polo que os anuncios de licitación son obrigatorios polo que o procedemento anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante (art. 126 e 42 da LCSP), e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Consonte sinala o artigo 96 da LCSP, poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes que correspondan a necesidades inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de orde público, na actualidade o saneamento de Boa verte directamente a Ria, polo que compre dar inmediata solución a esta situación, através da construción dun colector que continúe a rede ó longo da estrada C-550 ata súa conexión na Chainza coa rede de saneamento xeral.

Cuarto. De acordo ó establecido na disposición adicional 2ª da LCSP, é competencia do Alcalde a contratación desta obra dado que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos, polo que

RESOLVO:

Primeiro. Incoar o correspondente expediente administrativo de contratación da obra de “Conexión do saneamento de Boa e Taramancos á rede xeral de saneamento municipal (Noia)”, procedemento aberto, cun único criterio de valoración: factor prezo, e tramitación urgente expediente número 16/11-OB-PAU

Segundo. Ordenar a emisión do certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, acreditativos da existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento da obra por importe de:

- Prezo base de licitación sen IVE: Douscentos trinta e sete mil trescentos setenta e catro euros con setenta céntimos (237.374,70 €).
- IVE do 18%: Corenta e dous mil setecentos vinte e sete euros con corenta e cinco céntimos (42.727,45 €).
- Total (a+b): Douscentos oitenta mil cento dous euros con quince céntimos (280.102,15 €).

Terceiro. En cumprimento das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2011, empregar os pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Deputación Provincial da Coruña, adaptados a lei 2/2011 e publicados na páxina web www.dicoruna.es/contratación.

Cuarto. Ordenar a emisión da acta de implantación do proxecto polos Servizos Técnicos de Obras e Urbanismo a efectos de comprobar a viabilidade das obras e se as mesmas afectan a bens ou dereitos de titularidade privada e, no seu caso, a súa valoración e autorizacións administrativas precisas.

Quinto. Someter o expediente con tódolos documentos anteriores a informe da secretaria e á fiscalización da interventora.

Noia, 29 de setembro de 2011.
O Alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero.



Ante min,
A secretaria,

Asdo. Raquel B. Bahillo Varela.

Recibín. Noia, 29 de setembro de 2011. Asdo. Raquel B. Bahillo Varela.	Recibín. Noia, 30 de setembro de 2011. Asdo. María López Docampo.	Recibín. Noia, 30 de setembro de 2011. Asdo. Ventura Fernández Sarasquete.
--	---	--